

SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 6 DE XULLO DE 2015

No despacho da Alcaldía na casa do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día seis de xullo de dous mil quince, logo da convocatoria que realizou o señor alcalde don Óscar A. García Patiño, dentro do prazo establecido no artigo 132.1 do Regulamento orgánico municipal, se reuniu a Xunta de Goberno Local formada pola totalidade dos señores concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía de data 23 de xuño do ano que andamos: don Augusto Rey Moreno, don Juan González Leirós, don Jesús Bao Bouzas, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Faise constar que asisten tamén ao acto, as concelleiras con delegación especial dona Leonor Fernández Grande e dona María Jesús Gómez González.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

A seguir, cúmprense os trámites segundo a orde do día da convocatoria da sesión constitutiva.

1º.- Constitución da Xunta de Goberno Local.

Coa asistencia de todos os concelleiros que a compoñen, o señor alcalde declara constituída a Xunta de Goberno Local.

2º.- Coñecemento das atribucións que corresponden á Xunta de Goberno Local a teor do previsto no artigo 71 do Regulamento orgánico municipal.

Os presentes quedan enterados do establecido no artigo 71 do Regulamento orgánico municipal respecto das competencias que corresponden á Xunta de Goberno Local e que se transcribe literalmente a seguir:

“Artigo 71:

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local:

a) A asistencia ó Alcalde no exercicio das súas atribucións. É unha atribución propia e indelegable. Para tal fin, a Xunta de Goberno Local será informada de tódalas decisións do Alcalde. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira.

b) As atribucións que o Alcalde ou o Pleno lle deleguen ou lle atribúan as leis.”

Así, tendo en conta as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde correspondentes ás áreas nas que se estruturan os servizos municipais, e que supón a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, isto segundo a Resolución da Alcaldía de data 23 de xuño de 2015, tanto o señor alcalde como os concelleiros delegados de área deberán informar á Xunta de Goberno Local de todas as resolucións que adopten, tendo en conta que a citada información se deberá efectuar antes de ditar a resolución sempre que a importancia do asunto así o requira.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria
Maria Luisa de la Red Ampudia